



## INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA OS CENTROS RELATIVAS ÁS BOLSAS NEAE-2024-2025

Normativa de referencia: *Resolución de 12/04/2024, de la Secretaría de Estado de Educación, por la que se convocan ayudas para alumnado con necesidad específica de apoyo educativo para el curso académico 2024-25.*

Instrucións para o centro:

- 1) As familias cubrirán, tal como indica a convocatoria, exclusivamente as solicitudes vía web a través da sede electrónica do Ministerio de Educación
- 2) Todas as solicitudes presentadas é obrigatorio tramitalas (independentemente de que o centro emita un informe favorable ou desfavorable)
- 3) As familias presentan a solicitude no centro ata o **13 de setembro** inclusive.
- 4) O centro comprobará seguidamente que a solicitude ten todos os apartados cubertos e asinados.

É moi importante asegurarse de que **consten as firmas requiridas**:

1.- Na FOLLA 1 para autorizar á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a facilitar os datos económicos ás administracións educativas .

2.- No apartado A CUMPRIMENTAR POR TODOS/AS OS/AS SOLICITANTES por parte do pai/nai/titor, e, no seu caso, o resto de membros maiores de idade da unidade familiar. (**Todos teñen que asinar**)

3.- No apartado B):

- Terá que estar riscada algunha das necesidades polas que se solicita a bolsa. Nos casos de TDAH ten que estar **asociado a** discapacidade ou trastorno grave de conduta que debe acreditar e fundamentar no seu informe a xefatura de D.O. De non vir nada riscado será denegatorio o informe de concesión.

- Cumprimentarase **todos os apartados da táboa** que figura na parte inferior do documento.

4.-No apartado D) (gabinete ou centro reeducador): deberán consignarse as horas semanais e a duración previsible do servizo ou programa.

Lembrar que de acordo coas bases da convocatoria a **falta de sinaturas** nestas dúas páxinas será causa de **denegación** da bolsa ou axuda.



5) Tamén comprobará que aportan a documentación necesaria::

- 1.- Presentarase tamén documentación acreditativa do certificado de discapacidade igual ou superior ao 25% (art 2.A)4). (Non existe ningunha excepción que exima desta acreditación)
- 2.- No caso de detectar erros ou falta de documentación o centro requirirá por escrito ás familias a corrección dos mesmos nun prazo de 10 días, indicándolles que de non facelo entenderase por desistida a súa petición.
- 3.- Comprobarase a consignación na solicitude dunha **conta corrente na que conste como titular ou cotitular o propio beneficiario**, en caso contrario dará lugar a denegación (se foi autorizado o/a director /a do centro educativo para percibir a axuda figurará este). **En relación con isto, deberá presentarse certificado da conta bancaria a nome do beneficiario da bolsa.**
- 4.- No caso de que o alumnado autorice ós centros educativos a cobrar na conta do centro educativo, deberá solicitarse o certificado da titularidade da conta que, tal e como ven establecido na convocatoria, debe corresponder ó centro educativo no que o alumno/a está matriculado/a.

- Dáselle **OBRIGATORIAMENTE** rexistro de entrada as solicitudes e **entregaselle RESGARDO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O CURSO 2024/25 selado á familia.**
- O Departamento de Orientación (DO) cubrirá o apartado "B" acorde coas directrices específicas dadas na Resolución da Secretaría de Estado de Educación.
- A memoria expedida polo centro reeducador deberá axustarse ás directrices e instrucións recollidas no apartado "D" da solicitude e na Resolución mencionada (art 7.6. apdo b.3<sup>o</sup>).
- O centro deberá marcar o tipo de axudas que propón. No caso de propor comedor ou transporte deberá acompañar un informe co custo deses servizos, de selo caso. O alumnado de bacharelato, CFGB (Ciclos Formativos de Grao Básico) e ciclos formativos de FP poden pedir, ademais, axuda de material.
- Para o envío de todas as bolsas presentadas no centro, realizarase o seguinte procedemento ata o **luns 23 de setembro de 2024.**

Farase oficio de remisión onde conste a relación, **por orde alfabética**, do alumnado que presentou solicitude indicando o nome completo e o curso. Este oficio, acompañado de todas as solicitudes, irá selado e asinado pola dirección do centro, dándolle rexistro de saída, **presentándoo no rexistro oficial e dirixido ao Servizo de Inspección Educativa (ao/á inspector/a do centro correspondente) de Pontevedra ou Vigo, segundo corresponda.**

## INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No caso dos centros sen Departamento de Orientación (DO) levarase a cabo estas actuacións polo Equipo de Orientación Específico (EOE)

O DO cubrirá o apartado "B" da axuda

É obrigatorio que o DO/EOE comprobe e certifique que o/a solicitante presenta necesidades educativas especiais derivadas dalgunha destas situacións:

- Discapacidade: acreditada cun certificado igual ou superior ao 25% (Non existe ningunha excepción que exima desta acreditación)
- Alumnado con Trastorno grave de conduta ou alumnado con trastorno grave da comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais: acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación da Consellería de Política Social ou **certificado da xefatura de DO /EOE que debe acreditar e fundamentar estes trastornos.**
- Alumnado con trastorno grave da comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais: acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación da Consellería de Política Social ou **certificado a xefatura de DO /EOE que debe acreditar e fundamentar estes trastornos,**
- Nos casos de TDAH ten que estar asociado a discapacidade ou trastorno grave de conduta, que se debe acreditar ou informar segundo está incluíndo nalgún dos apartados anteriores.
- TEA que requira apoios ou atencións educativas específicas: é necesario **aportar certificado médico** expedido polos **servizos de saúde sostidos con fondos públicos e acreditar a NEAE no certificado do departamento de orientación.**
- Altas capacidades: acreditado mediante avaliación psicopedagóxica do DO ou do EOE



Cómpre lembrar que se denegarán, de acordo coas bases da convocatoria, aquelas solicitudes de Reeduación Pedagóxica ou Linguaxe que non teñan marcada algún dos supostos que indique a necesidade que precisa e certifica do apartado B) ou tiña riscado o recadro NINGÚN DOS ANTERIORES.

A Resolución da Secretaría de Estado de Educación inclúe nesta convocatoria un **subsidio de contía fixa para gastos adicionais de carácter xeral** derivados da escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociada a discapacidade, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe. Tamén poderá ser beneficiario deste subsidio o alumnado con TEA e o alumnado con NEAE asociado a altas capacidades intelectuais. Este subsidio será compatible co resto de axudas e subsidios regulados nesta convocatoria.

O apartado do informe específico pode facerse no propio impreso ou nun documento anexo. Este informe constará de:

3.1.- Descrición detallada das necesidades, características ou condicións que presenta o alumno ou alumna.

**3.2.- Atención e medidas ordinarias e extraordinarias, curriculares e organizativas, programas específicos e de intervención que recibe no centro.**

**3.3.- Cadro co número de horas de apoio ou reforzo que recibe o alumno, tanto polos especialistas de AL ou PT como por outro profesorado, indicando cantas corresponde a reeduación pedagóxica, cantas a reeduación da linguaxe, así como as horas que precisaría de reeduación pedagóxica e de linguaxe.**

3.4.- Obxectivos e competencias a acadar.

3.5.- Contidos a traballar.

3.6.- Actividades.

3.7.- Recursos. Titulación dos profesionais externos necesarios

3.8.- Xustificación da necesidade de atención por un servizo externo baseado no nº de horas que recibe no propio centro.

3.9.- Número de horas semanais e duración total previsible da asistencia ao servizo externo necesario.



No caso de que o DO considere que non procede a concesión da bolsa, indicará no apartado do INFORME ESPECÍFICO os **motivos polos que non procede** á concesión da axuda.

#### 5. Altas Capacidades Intelectuais:

A inspección educativa comprobará o programa específico de altas capacidades intelectuais ao que asiste o alumnado.

En ningún caso, a modo de exemplo, poderase solicitar beca para sufragar gastos derivados de: matriculación na EOI, curso de mergullo ou similares, matrícula en centros de ensinanzas artísticas, actividades extraescolares, clases de reforzo (Inglés, Música, TIC...).

6 Consideracións ao novo apartado de Trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociados a necesidades educativas especiais:

A) Deben estar asociados a necesidades educativas especiais; alumnado con dificultades para comprender e expresarse que limitan significativamente a aprendizaxe, a participación e a interacción social e que requiren apoios específicos e focalizados.

B) Non deben confundirse con outros trastornos que poidan dar a outros problemas da linguaxe. Así segundo o DSM 5 diferencia:

### **TRASTORNOS DA COMUNICACIÓN** (teñen dereito a bolsa):

#### **Trastorno da linguaxe:**

A. Dificultades persistentes na adquisición e o uso ds linguaxe en todas as súas modalidades (falado,escrito, linguaxe de signos...) debido a deficiencias da comprensión ou da produción que

inclúe:

1. Vocabulario reducido
2. Estrutura gramatical limitada
3. Deterioro do discurso

B. As capacidades da linguaxe están notablemente e dende un punto de vista cualificable debaixo do esperado para a idade, o que produce limitacións funcionais na comunicación eficaz, na participación social, noslogros académicos.

C. O inicio dos síntomas prodúces nas primeiras fases do período do desenvolvemento.



D. As dificultades non se poden atribuír a un deterioro auditivo ou sensorial, a unha disfunción motora ou a outra afección médica ou neurolóxica e non se explica mellor por discapacidade intelectual ou atraso global do desenvolvemento.

Trastorno fonolóxico.

Trastorno da fluidez no inicio da infancia (tartamudeo).

Trastorno da comunicación social (pragmático).

trastorno da comunicación non especificado.

#### **TRASTORNOS ESPECÍFICOS DA LINGUAXE: ( non teñen dereito a bolsa):**

Trastorno de aprendizaxe con dificultades na lectura. (dislexia)

Trastorno de aprendizaxe con dificultades na expresión escrita.

Trastorno de aprendizaxe con dificultade matemática (discalculia)

7. Todos os informes favorables ou non favorables estarán asinados e selados polo responsable do DO.

8. Lembrar a necesidade de axuntar a memoria e documentación do gabinete externo

9. Corresponde ás **direccións** do centro informar ás familias para que presenten e entreguen as bolsas nos centros educativos para a posterior remisión, **por parte das direccións**, á inspección educativa.